

EXAME ABAU XUÑO 2017 OPCIÓN B

1.- Indica cal é a estrutura do texto.

O texto divídese en dúas partes claramente definidas:

A primeira parte correspóndese co primeiro parágrafo. O autor presenta a tese ou idea que quere defender: todos somos asemade produtores e consumidores, sendo o obxectivo primordial desta actitude acadar a máxima satisfacción posible.

A segunda parte abrangue os dous parágrafos seguintes. O autor defende a súa tese empregando como o argumentos o relato de dúas anécdotas a modo de exemplos. Nestas historias amosa a actitude de dúas mulleres, tanto dende a perspectiva de produtoras coma de consumidoras cun comportamento incoherente.

2. Expón **brevemente** a idea que nos quere transmitir o autor co seu texto, máis alá das anécdotas que relata.

A idea que quere transmitir o autor máis alá das dúas anécdotas relatadas é que o consumo e a produción son as dúas caras dunha mesma moeda, de xeito que os hábitos de consumo da poboación repercuten directamente nas condicións de produción. Pretende, pois, facernos reflexionar sobre a nosa responsabilidade como consumidores.

3. Redacta un texto sobre a importancia que teñen o consumo e a produción (ou consumismo e produtividade) no noso modo de vida actual.

Algúns redactastes un **comentario crítico** sobre o texto que nos ofrecen, cando o que se pide é “*redacta un texto sobre*”... O máis acertado é redactar un **texto expositivo/explicativo**, é dicir, que proporcione información sobre un tema, neste caso sobre como o noso modo de vida se sustenta na dinámica de producir e consumir no sistema capitalista. Tamén sería posible facer un texto expositivo – argumentativo, pero desde a nosa perspectiva, sen basearnos no artigo de J. Luís Sucasas.

Importante (repito unha vez máis 😞): non actuedes mecanicamente. Debedes ler atente o enunciado da pregunta 3 porque non sempre piden un comentario. Nalgúns casos incluso piden redactar unha carta. Neste caso perderíades case toda a puntuación.

5. Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Carmela arrodeou a muralla empoleirada na cabina da súa máquina.*

Tal como vos indiquei, na corrección das cuestión de sintaxe non soen ser moi estritos e dan por válidas diferentes formas opcións (coherentes) e terminoloxías.

Os ítems de referencia na corrección son estes (ata 0’20 por cada un deles):

1. *Carmela*: SUX/ NUC- SN
2. *Arrodeou*: PREDICADO- NUC (ou NUC do SV)
3. *A muralla*: CD-SN
4. *Empoleirada na cabina da súa máquina*

SOLUCIÓN TAREFA 14 MAIO

Permite dúas opcións:

- a) COMPLEMENTO PREDICATIVO / S. Adx
- b) COMPLEMENTO PREDICATIVO/ SV/OR. PARTICIPIO

(Incluso se acepta a análise como CCM, *Na cabina da súa máquina*)*

5. *Na cabina da súa máquina*

En coherencia coa opción elixida na anterior:

- a) MOD (do S. Adx)
- b) S.Prep./ CCL

Dos 0,20 puntos de cada ítem, outórganse 0'15 pola identificación correcta das funcións e 0,05 pola identificación das categorías ou tipos de unidades sintácticas que as desempeñan.

(* nese caso varía a puntuación: no canto de 0'15, outorgaríase unicamente 0'05)

Engado a análise, pero non a puntuarían máis que o anterior.

e m p o l e i r a d a n a c a b i n a d a s ú a
m á q u i n a .

(e n a)

(d e a s ú a

ENL TERM/SN

DET NUC

MOD/ S.prep

ENL

TERM/SN

NUC/adx

MOD/ S.prep

C.PTVO/S.Adx

e m p o l e i r a d a n a c a b i n a d a s ú a
m á q u i n a .

(e n a)

(d e a s ú a

ENL TERM/SN

DET NUC

MOD/ S.prep

ENL

TERM/SN

NUC

CCL/ S.prep

SOLUCIÓN TAREFA 14 MAIO

s. V b a l
C.PTVO/Orac. Participio